

## *Porto de baixura*

VEIGACASÁS

De conversas de mulleres atando redes, de falcatrúas e risadas infantís, do sis...  
sas... das brochas repintando, outra vez máis, barcos repoludos por tanta capa amo-  
reada...

De recendos da salga e frescura tinxidos de combustible, de voces que se cru-  
zan nos bares, de porfías a berros sobre capturas. Tirapuxas nas caixas e o alto pre-  
zo que non acadaron, mala sorte, na lonxa...

De ruidos, distorsionados pola lonxanía, de carpinteiros de madeiros trabaja-  
dos ao lume, enxertados en esqueletes de gamelas rilladas, cadaleitos voraces que  
suman máis mortos cás minas de carbón...

De lousas, cemento, grixo e forxa, de troncos verdes anegados en salitre, de man-  
chóns de obxectos espallados que suman navegación e pesca...

...Con esas xentes e materias xestáronse dende sempre os portos de baixura. E  
con aires doutros mundos e outras vidas que o alegre corricar das ondas achega ata  
a beira. Aventuras inverosímiles e soños rotos; vivir entre a escaseza e a miseria.

Homes illados en barcos saltareiros, brinquedos das ondas. Persoas engulidas  
pola pobreza e a lonxanía dos seus, desherdados dos dereitos civís e sociais. Adic-  
tos ás epopeas e á proeza de sentirse semideuses tras a derrota da galerna.

Fachendosos de levar a cabo un servizo ao que poucos se afrontan, ese que nós  
non lle recoñecemos porque xamais agasallamos a man de obra intensiva; sinxela-  
mente, sen excepción, malpagámola porque a desprezamos.

Marcamos con lume a súa exclusión e calamos. Só contamos os seus mortos.

Nin marusías, resacas ou golpes de mar, teñen a alma tan áspera como a nosa.

## *Desaparecidos*

---

VEIGACASÁS

Meus benqueridos: sinto que se me vai a vida, que perdo o alento, que me fenden as entrañas, que me faltan as forzas.

A vosa ausencia non me deixa e, aínda que creo que só vivides xa nas quenllas escuras do meu maxín, véxovos en cada recuncho, dígovos cousas, como se seguírades ao meu carón. Un buligar tolo aniñou en min esta primavera e xa non quere abandonarme.

Subo ao monte e rezo ao vento para que leve o repenique dos meus latexos ao voso anegado corazón. Percorro praias e enseadas por ver se unha pegada vosa, o que sexa, quedou varada sobre as rochas, enleada entre os argazos que deixa cada marea. Búscovos sen repouso.

Pregunto cada día cando chegan á lonxa os da nasa, anzol, arrastre e cerco; pero xa cansan de traerme restos de roupa e calzado podre que se engancharon ás súas artes.

Nunca saberei se o peixe que cociño trae algo voso entre a súa carne. Como co temor de estarvos comungando.

Cando o mar se despena nas rochas, cando o bruar das ondas atrona o aire, bágoas resecas abrásanme as entrañas resistíndose a saír. Vexo os barcos ben amarrados, ao abeiro do peirao, lonxe do quebranto do temporal, e pregúntome que dársena me protexerá desta negra mágoa.

Quería revivir días serenos, a mar coma un espello, a brisa maina, a tarde verquida de cores, alegre o ánimo. Non podo. Nin o sol trae para min calor e luz desde o voso extravío.

Botarei tamén esta carta a navegar nunha botella coa esperanza de que chegue ao areal, fondura, rompente ou cova, onde poidades estar. Lédella a voso pai, fillo; el non pode sen lentes, (xa sabes que digo).

Aínda, a miña aperta e bicos.